

## PROXECTO DE FUNCIONAMENTO DO CLUB DE LECTURA IES RAMÓN OTERO PEDRAYO 2019-2020

### CLUB DE LECTURA: “BIBLIOTERO”

#### FINALIDADES.

O Club de lectura “BIBLIOTERO” da Biblioteca do IES Ramón Otero Pedrayo pretende ser un lugar de encontro arredor dos libros e entre os libros. Este será o sétimo curso de andaina do noso grupo de lectura e xa contamos coa experiencia moi positiva dos cursos anteriores, nos que conseguimos fomentar o pracer da lectura compartida e tamén do cine que incluímos tamén nas sesións do club. Pensamos que a continuidade do Club é necesaria vendo que xa hai alumnos e alumnas que preguntan cal vai ser a primeira sesión. A biblioteca, que leva tamén o nome do escritor Ramón Otero Pedrayo, parécenos o lugar máis apropiado para continuar coas conversas sobre os libros e a lectura que son a base da nosa aprendizaxe, tanto dentro como fora da aula.

Desde a biblioteca do Otero Pedrayo pensamos que un Club de lectura ten como principais finalidades:

- Fomentar o interese polos libros e pola lectura.
- Dar a coñecer moitos libros de interese para o alumnado e que ás veces “dormen” eternamente na Biblioteca sen que ninguén os esperte.
- Facilitar o intercambio de ideas e de experiencias lectoras.
- Facer accesibles os libros a moitos alumnos e alumnas que teñen dificultades para chegar a eles.
- Potenciar a comprensión lectora do alumnado por medio da posta en común de ideas e comentarios sobre a forma e os contidos dos libros lidos.
- Favorecer a expresión oral e a expresión escrita do noso alumnado que ás veces na aula en gran grupo está máis restrinxida ás intervencións puntuais sobre exercicios de aula ou traballos escolares.
- Fomentar a reflexión en torno a un libro dende varios puntos de vista: literario, histórico, social, filosófico, científico, etc...
- Coñecer as relación entre Cine e Literatura, traballando con libros que foron utilizadas como referentes para facer cine ou televisión .
- Favorecer a lectura compartida en voz alta de algún fragmento do libro proposto para incidir nalgúns aspectos significativos e de paso mellorar a expresión, a entoación e a comprensión.
- Potenciar o Proxecto Lector do instituto que este curso xa se puxo en funcionamento na meirande parte das materias.

## ACTIVIDADES PREVISTAS.

- Lecturas de libros suxeridos polo profesorado e polo propio alumnado entre unha longa listaxe elaborada pola Biblioteca.

- O **“libro do mes”** poderá ser elixido en función da actualidade do tema que trate. Neste curso, pensamos que o primeiro libro podería ser algunha lectura que nos faga reflexionar sobre a guerra e as súas consecuencias, tentando aportar as nosas ideas.

- **Encontros dos compoñentes do Club de lectura con autores ou autoras** do libros propostos, se fose posible, que faciliten un diálogo produtivo entre creadores e lectores.

- Interésanos seguir traballando a relación **Cine-Literatura** e igual que xa fixeramos o curso anterior. Pensamos na posibilidade de poder ver a adaptación ao cinema de algún dos libros propostos como lectura e incluso de ler e comentar o guión dalgunha película.

- **Visita à Biblioteca González-Garcés:** Estaremos ao tanto das exposicións e actividades que se leven a cabo na Biblioteca veciña, coa que colaboramos desde hai anos e tentaremos participar nalgunhas das súas actividades

- **Celebración do Día da Poesía (21 de Marzo).- *Botica Poética***

Para celebrar o día da Poesía, as profesoras do Club de Lectura preparamos neste pasado curso varios lotes de “poemas terapéuticos” envasados en caixas de menciñas para agasallar a aqueles e aquelas (tanto profesorado, como alumnado e persoal non docente) que pasara pola biblioteca e quixera curar algunha das súas doenzas por medio da lectura dun poema. Tivemos moita participación, ben lendo, recitando ou interpretando os poema, que ao final podían levar para casa para continuar co tratamento. O lema da actividade foi: **“Farmacia poética. A botica que cura todas as doenzas”** e resultou ser unha actividade con moita máis participación da que agardabamos, polo que pensamos facela de novo neste curso con algunhas variantes.

- **Intercambio entre o alumnado do Club de lectura do noso instituto e o alumnado doutro instituto,** con todos os que participaron nas actividades da Biblioteca e nas organizadas polos propios Clubs de lectura. É unha actividade que consideramos moi importante, xa que permite partillar conversas e experiencias arredor da lectura, dos libros e das actividades de ambos centros, e nas que sempre incluimos a visita a un lugar de interese artístico, cultural, literario, etc.

- **Colaboración e intercambio de libros con outros centros:** Dado o alto número de participantes deste curso nos clubs de lectura precisamos colaborar con outros centros no intercambio de libros. Libros a eito será de novo o espazo de referencia para procurar os libros necesarios. O IES de Elviña ou o IES de Monelos, que están próximos a nós foron os centros cos que tivemos máis relación neste pasados cursos e que xa nos puxemos en contacto con eles, para seguir interactuando ente os nosos clubs.

- **As maletas viaxeiras** das Biblioteca municipais, da Deputación ou da Asesoría, soen ser de interese para o alumnado, sobre todo, os participantes no Club de lectura.

- **Visita a algunha librería,** biblioteca ou espazo dedicado aos libros.

- **Sesión conxunta con outros clubs de lectura** das bibliotecas municipais próximas ou as doutros centros de ensino..

- **Lectura do mes de maio** dedicada **Ricardo Carballo Calero**, a quen se lle dedica o ano 2020 o **Día das Letras Galegas**

- **Visita á Casa-Museo de Emilia Pardo Bazán.**- O percorrido podemos acompañalo pola lectura de fragmentos das súas obras: *“La Tribuna”* e dalgún conto que se desenvolva na nosa cidade, como por exemplo *“Los adorantes”*, referido ás figuras que custodian a entrada da igrexa románica de Santiago na Cidade Vella

Na semana final do curso faremos unha **Sesión extraordinaria** de despedida do Club de Lectura. Sempre prepararemos algún xogo ( *Encrucilladoas, Pasapalabra, Quebracabezas...* ), arredor dos libros e autores que leamos neste curso. Contamos tamén cos agasallos finais: libros a escoller para ler no verán e unha axenda de apuntamentos para seguir a crear e tomar nota das nosas próximas lecturas.

Tentaremos que todas as actividades aquí sinaladas aparezan recollidas no noso blog de biblioteca: [www.bibliotero.blogspot.com](http://www.bibliotero.blogspot.com)

## **COMPOSICIÓN DO CLUB DE LECTURA E PARTICIPANTES.**

O Club de lectura estará coordinado por dúas profesoras, de lingua castelá que forman parte do Equipo da Biblioteca. Nun principio contamos máis ou menos con 50 alumnos e alumnas de 1º a 4º de ESO. En 1º de ESO son 16 , en 2º ESO son 20 , 8 en 3º de ESO e 10 en 4º de ESO.

Hai grupos de alumnos que están a traballar xa sobre libros propostos na aula e levan a cabo actividades diversas sobre a súa lectura. Poderían dalgunha maneira aportar a súa experiencia ó Club de Lectura.

## **FORMA DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.**

Pensamos que é fundamental ter presente o concepto de “Club” como sinónimo de “grupo”, onde cada quen pode falar, opinar, comentar e suxerir de forma ordenada e respectuosa cantas ideas queira sobre os textos propostos para lectura.

Pódese nomear ó principio de cada sesión unha persoa moderadora que vaia presentando temas e dando pe para o diálogo e o debate sobre a lectura, e que non terá que ser necesariamente a coordinadora do Club de Lectura.

A posibilidade de contar coa asistencia do autor ou autora do libro lido, faría a actividade moito máis suxestiva e interesante. A sesión entón adaptaría-se en tempo e día de acordo coas posibilidades dos escritores/as.

## **HORARIO E CALENDARIO PREVISTO PARA AS REUNIÓN PRESENCIAIS.**

En principio marcamos os recreos dos martes para 1º e 2º de ESO e xoves para 3º de ESO, para os encontros do club e para o intercambio de ideas sobre os libros na propia Biblioteca. Algunhas das horas da materia de Atención Educativa tamén están a servir para espertar o gusto pola lectura o que redundará en beneficio do noso Club e viceversa. **A HORA DE LER**, que levamos a cabo nalgunhas materias, tamén incide neste curso nunha maior demanda de participación do alumnado no Club de lectura neste curso.

Tentariamos que o Club se reunise polo menos un día por mes fora dos recreos, en función das posibilidades da maioría do grupo. Nestes cursos pasados fixemos algunha xuntanza do club os martes ao mediodía aproveitando que temos clases de tarde. Pensamos que dúas horas serán necesarias como mínimo para poder falar dunha lectura ou tamén ver unha película sobre as lecturas propostas.

As sesión desenvolveranse da seguinte maneira

- **1ª Sesión.- Presentación** e motivacións dun club de lectura. Comentamos as experiencias persoais coas lecturas. Entregámoslle a cada compoñente do club un caderno para que tomen todo tipo de notas sobre as lecturas e as actividades que se fagan durante o curso.

- **Reunións mensuais (ás veces quincenais)** dos compoñentes do Club Bibliotero nos recreos dos venres.- Nestas xuntanzas de media hora decídense os libros de lectura e anúncianse as actividades que se levarán a cabo con cada lectura no taboleiro da biblioteca. Tamén aproveitamos para propor ideas, suxestións e actividades posibles. Algunhas destas actividades facémolas nos recreos: consultas en internet, elaboración de murais, lectura e comentario de algúns fragmentos. Para ver as películas propostas sobre as lecturas aproveitamos os martes ao mediodía, e quedamos a xantar no instituto.

- **Xuntanza ao mediodía.**- Unha vez cada mes, preferentemente os martes, que temos clase de tarde, quedamos a xantar na Biblioteca. Nestas sesión falamos máis devagar do libro proposto. A coordinadora do club presenta unhas ideas sobre as que podería comezar a conversa no caso de que non xurda espontaneamente. Tentamos traballar cos tres xéneros e para iso, comezamos por novela, pero tamén tocamos o teatro e a poesía, tanto en galego como en castelán. Especialmente de interese foi a selección de poemas de poemas que presenta o libro de Raúl Vacas: “Esto y ESO”

- **Sesión extraordinaria** de despedida do Club de Lectura deste curso na Biblioteca. Celebrámola o día 18 de xuño e como balance final fixemos un concurso con preguntas sobre os libros lidos, os seus autores e autoras, e sobre o desenvolvemento das diferentes sesións do club.

Nestas sesións proporemos todo tipo de cuestións sobre os libros, e aproveitamos para ver algunha película sobre as lecturas propostas. Así tamén vemos a relación estreita que hai entre cine e literatura.

## **MEDIOS PREVISTOS PARA A SÚA DIFUSIÓN ENTRE A COMUNIDADE ESCOLAR.**

O Club de Lectura debe darse a coñecer en todo o Instituto para o que xa fixemos unha campaña informativa consistente en carteis nos corredores e nas propias aulas nos que se convida a a participar a toda a comunidade educativa. A hora semanal de titoría podería servir para exporlle con detalle ó alumnado a función, actividades e os posibles contidos do Club de Lectura. Para isto contamos coa experiencia dalgún dos compoñentes do club de lectura de cursos anteriores.